

# POBRES CRIATURAS

Yorgod Lanthimos, 2023

# 1234

ESTREA EN NUMAX: 02.02.2024 | V.O.S.E. | +18 | 141 min

Bella Baxter é unha rapaza nova revivida polo brillante e pouco ortodoxo Dr. Godwin Baxter. Baixo a protección de Baxter, Bella está ansiosa por aprender. Fomenta a mundanidade que lle falta, Bella foixe con Duncan Wedderburn, un sofisticado e perverso avogado, nunha aventura vertixinosa a través dos continentes. Libre dos prexuízos da súa época, Bella vólvese firme no seu propósito de defender a igualdade e a liberación.

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero (ICAA)

«Un desafío sublime tanto para os sentidos como para o intelecto.

Xenial Emma Stone»

Manu Yáñez, FOTOGAMAS



## Entrevista con Entrevista con Emma Stone e Yorgos Lanthimos: «Interpretar a Bella foi un proceso liberador»

Por Rebecca Ford

**Emma, o teu papel no filme é bastante esixente. Que pensaches ao ler o guión de *Pobres criaturas*?** Emma Stone [ES] Mesmo antes de ter a oportunidade de ler o guión sentín que o personaxe tería un arco dramático forte, desde a súa nova etapa ata a idade adulto. É o meu personaxe favorito de todos os que teño interpretado e é unha sorte poder facer de Bella. Foi un proceso longo, penso que pasaron catro anos desde que comezamos a falar del ata que comezamos a rodar. Desa maneira sentín como se vivise canda Bella durante moito tempo. Yorgos e máis eu falamos acotío de como a estrañamos agora.

**De onde veu a inspiración para este personaxe?** Yorgos Lanthimos [YL] Non se parece a ningún outro personaxe que eu teña visto polo que foi difícil atopar un referente. Coido que un dos poucos precedentes, en termos de filme, foi *O enigma de Kaspar Hauser* (Werner Herzog, 1974). Non é que estea directamente relacionada pero foi un personaxe inspirador. Por tanto tivemos que atopar o nosos propios desafíos, pensar na evolución física e vogal do personaxe e na forma en que se desenvolvería a súa linguaxe. A partir dese punto puidemos avanzar na súa evolución ao longo do guión.

**Como foi interpretar a Bella nesos primeiros días da súa vida cando mentalmente é esencialmente unha nena pequena?** ES: Foi liberador. Calquera personaxe que poida interpretar ten sempre unha historia detrás que a moldea, pero ela non tiña nada diso así que podía xogar e experimentar coa mente dunha nena. En todo caso, nunca lle atribuímos unha idea concreta, nunca se falaba de idades concretas á hora avaliar a evolución da súa mente pero si que foi liberador pensar en ter o cerebro dunha nena nun corpo adulto. Tiñamos arredor de cinco etapas nas que traballar e que empregariamos como puntos de referencia no desenvolvemento da súa linguaxe. Ao mesmo tempo que era un traballo liberador tamén era aterrador para min sobre todo ao comezo. Os primeiros días foron realmente desafiantes.

**O seu despertar sexual e a súa viaxe son importantes na evolución do personaxe. Como tratastes estas escenas?** ES: Debido a que é tan libre, porque carece de vergoña, para min foi unha experiencia liberadora. Como muller no mundo actual e tamén como muller estadounidense foi liberador reflexionar sobre os prexuízos que teño sobre o meu propio corpo e a miña sexualidade. Esa é unha das razóns polas que adoro a forma en que o filme conta a historia. A cámara non nos di: “Agora miremos para outro lado porque a nosa sociedade non permite amosar isto”. Nada causa vergoña porque para ela mesma non existe ese sentimento.

**Despois de tanto tempo traballando xuntos teredes as vosas maneiras de resolver os desacordos...** YL: Tivemos as nosas pelexas pero logo nos reconciamos e listo.

ES: Creo que a maneira de saber se podes amar, confiar e respectar a alguén é poder discutir abertamente. Detesto ter que andar con pés de chumbo coa xente, con medo a dicir o que penso. Yorgos e máis eu podemos pasalo ben xuntos pero tamén somos quen de nos manter firmes nas nosas opinións Por iso fixemos catro filmes xuntos e con sorte faremos máis.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Poor Things*,  
Alasdair Gray.  
Bloomsbury, 2023